



A Deputación de Ourense aprobou no pleno de abril o seu Código Ético, o primeiro dun goberno provincial

A Deputación de Ourense aprobou no pleno ordinario da Corporación provincial de data 30 de abril de 2014 o seu Código Ético e de Conduta, o primeiro dun goberno provincial.

O código ten como obxectivo regular as normas éticas de referencia para os cargos electos e o persoal ao servizo da administración provincial, e procurar un comportamento profesional, ético e responsable, contribuíndo deste xeito a reforzar a aposta pola calidade democrática e a rexeneración do sistema institucional, establecendo mecanismos para incentivar o seu cumprimento. En definitiva, configurar unha ética pública común que evite a mala xestión e sirva para xeneralizar as boas prácticas.